

IRIMIA



Benia quen constrúe a paz!


ANO XXXVI • Nº 974 - Do 2 ao 15 de outubro de 2017

1-0 A favor de quen?



A foto que fala

Informe *Defender a terra*: o ano pasado foron asasinados/as cada semana catro activistas por protexer as súas terras fronte á industria. Informe completo na web de Global Witness.



O trasno Agradecemento de Irimia

Daniel López Muñoz



A Irmandade Manuel María e as asociacións Xermolos e Avelino Díaz agasalláronnos aos de Irimia coa mención na V Festa da afirmación da dignidade, así que tivemos que dar as grazas.

Dixémoslles que estaba ben bonito que se lembrasen de Herminia Estoa, un símbolo dese estar sen ruído e dese apoiar sen condicións e sen reivindicarse, que é o que nos gusta e o que tratamos de remedar.

E, como moitos non coñecían ben esta revista, demos tres pincladas que pensamos que nos fan orixinais.

Falámoslles do noso Ecumenismo Ventureiro. Híbrido, aberto, antidogmático. **Un ecumenismo de corredoi- ra**, agora que a metáfora do Camiño está algo secuestrada. Que non pretendemos equidistancias, pero que distamos millas dos fundamentalismos de babor e estribor, porque, como dicía Pepe Chao, fundamentalismo debe vir de “funda mental”. E que tiñamos algo de inetiquetables. Que si, que abofé que tiñamos fe, pero sobre todo queríamos ser xente de boa fe. Fe nunha decidida maneira de estar no mundo: a das mesas compartidas, a do que baixa do cabalo para atender ao que cae, a de dar vista ao cego, voz ao mudo, liberdade á oprimida, ...un ecumenismo da ortopraxe, da esperanza compartida, cos pés na nosa terra, nesta terra... Ese ecumenismo da xustiza que une a crentes críticas e moi diversas, a escépticos honestos, a pesimistas esperanzados, a agnósticos humanistas e a ateos grazas a Deus.

Dixémoslles, de segundas, que estamos ancorados nun **Panchovillis-**

mo descabezado. Que nos sabiamos a Tropa de Pancho sen Pancho pola corredoi- ra arriba (quizais pola corredoi- ra abaixo). Que desde hai 17 anos non temos director e que na mesa de redacción practicamos un coralismo extremo, e que estamos a gusto, descabezados impenitentes que en rede montamos a *Irimia* a golpe de espontaneísmo e gratuidade, de vontade, de mil colaboracións horizontais, xenerosas... Sobrevivindo sen Pancho e sen Zapata..., e así nos vai... de ben.

E, por último, que tiñamos vocación de lévedo na masa. Non de masa. Si de fermento. Na clave dun **levedismo radical**. Que apostamos pola conquista da soberanía no cotián. De que a xente que non conta recupere estima e dignidade, polo seu falar, polo seu saber, polo seu sabor. Dar esas pequenas alegrías, esas boas noticias, sen chupar o dedo nin comungar con rodas de muíño. Boas noticias increíbles, das que fan mover a historia, como esa de que os últimos serán, han ir sendo, teñen que chegar a ser, igualiño ca os primeiros.

Editorial

Diversas e significativas entidades cristiás catalás expresaron días antes do 1 de outubro o seu apoio ás institucións de Cataluña, no momento en que a tensión subía. Grup Sant Jordi de Drets Humans, Justícia i Pau, Vedruna Catalunya, Fundació Claret, Escola Pia de Catalunya... Ata unha ducia de recoñecidas entidades facíanse eco da preocupación das súas comunidades, rexeitaban a liña de actuación do Estado español e animaban a unirse á mobilización cívica, pacífica e democrática.

Recordaban a posición expresada na Doutrina Social da Igrexa e dos bispos cataláns, afirmando reiteradamente a conveniencia de que “sexan escoitadas as lexítimas aspiracións do pobo catalán, para que sexa

O catexit é tan complicado, ou máis, có brexit, pero impediuse o debate e “ninguén sabe nada”

estimada e valorada a súa singularidade nacional” así como a súa defensa da “lexitimidade moral de todas as opcións políticas que se baseen no respecto e na dignidade inalienable das persoas e dos pobos”

Escribindo isto antes do 1 de outubro e sen dotes divinatorias, hai un feito incontestable: a xestión da

crise levou a un nivel de mobilización cívica imposible de obviar. “Con independencia da independencia” nada será igual despois desa data. O “non” como resposta total, cerrada e innegociable será insostible. Hai que regular o dereito a decidir.

Á parte da reiterada necesidade de negociar unha saída, quizais un novo pacto, e de facelo con outras persoas, con líderes dispostos a avanzar e matizar, cómpre lembrar que facer as cousas como se fixeron conleva unha consecuencia fatal e moi acorde cos tempos mediáticos: furtouse o verdadeiro debate, o dos escenarios posibles, o dos detalles, o de que lle pasaría a cada parte en cada posible novo escenario. As “esencias” e as “emocións” son importantes, pero malas para o discernimento e a razón. Como non se definiron claramente os novos posibles escenarios ninguén sabe exactamente que pasaría coa débeda pública, coa pertenza a Europa... Coas pensións, co comercio, coa moeda, cos postos de traballo... Coa investigación, cos inmigrantes españois, cos cataláns en Sevilla, coas súas empresas, cos servizos públicos e cos funcionarios, co Barça e co Español.

O catexit é tan complicado, ou máis, ca o brexit. Pero como non hai debate aberto de escenarios e detalles, con argumentos e números, todo é un drama emocional. En realidade, ninguén sabe nada. Hai que reconducir isto. Ten que poder facerse.

Rumores de esperanza

Xan Guillén

Teríamos que facer unha gran comición de benvida. Realmente todos os galegos e galegas teríamos que ir a Vigo aplaudir con bandeiriñas, como se facía antes, tipo “Benvido, Mister Marshall” pero en serio. Desculpade a brincadeira, pero o de darlle a benvida é totalmente serio.

Está en Vigo o Pergamiño Vindel. Un pergamiño que aqueles que estudamos algo de literatura medieval galega en secundaria lembramos. Apareceu de xeito moi curioso en 1914 e acabou en Nova Iorque. Tamén lembramos que recolle sete cantigas musicadas de Martín Codax. Esas sete

cantigas que canta ao mar de Vigo e onde unha moza chora pola ausencia do seu namorado, ao que curiosamente chama amigo.

Podemos sentirnos orgullosos de pertencer a unha longa tradición literaria, que ten máis de 800 anos. Unhas cantigas que reflicten unha visión feminina e sensible da ausencia e do amor. Unhas cantigas escritas nunha lingua común no norte e no sur do río Miño.

Fai un oco na túa axenda durante estes meses para o ir ver. O pergamiño estará no Museo do mar de Vigo ata o mes de marzo. Por dicilo, vol-



ve á súa casa. Volve ao mar de Vigo, aínda que sexa por uns meses. Volve suspirar polos amores afastados e co medo a que ese amor non volva. Toda a historia de Galicia escríbese así. En feminino e co anxeio da volta á casa: *Ai Deus se verá cedo.*


1



3



2



4



A peneira

1

En outubro celebramos os 30 anos da declaración do Camiño de Santiago coma ruta europea. Nós lembramos o traballo de **ELIAS VALINA**, o cura do Cebreiro, que avisou de non converter os peregrinos en clientes das multinacionais. O Ateneo Berger, con sede en Arzúa, está a loitar por unha relación acolledora entre os peregrinos e a paisaxe e gastronomía de proximidade.

2

O 21 teñen lugar as X Xornadas de Literatura de Tradição Oral. "Palabras con memoria: topónimos, ditos, frases, nomes... con historia", da Asociación de Escritores en Lingua Galega. Vai ser unha achega ás palabras que nos definen en todos os eidos (web da ASPG). E a **RAG** vai ofrecer unha «app» para rexistrar topónimos xa que os 400.000 que xa están son só o 20 %.

3

A MOSTRA DO POSIBLE é un espazo para amosar que outro mundo é posible (Cangas 7-8), organizado pola Rede de Solidariedade Popular (RSP) de Vigo co apoio do Concello de Cangas e coa participación de organizacións da economía social e solidaria. Unha ferramenta para loitarmos contra o imperialismo neoliberal.

4

O 22 Festival de **CINE** de Ourense (do 20 ao 27) ofrece o III Encontro de coprodución galega e portuguesa e a visualización das longametraxes da cineasta brasileira Marília Rocha: *Aboio*, *Acácio* e *A falta que me faz*, a memoria histórica das tribos esquecidas esenciais para trazar a identidade de Brasil.

5



7



6



8



Alfonso Blanco Torrado

5

Estimular a creación e a xestión de novas empresas é unha das teimas destas alumnas do Politécnico de Lugo que están a ofrecer na rúa os seus xabóns terapéuticos da miniempresa Eco-Arume. Estamos ante un centro pioneiro en Galiza en ter un plan de **COEDUCACIÓN** contra os estereotipos de xénero.

6

Con **CATALUNYA** celebramos os 50 anos deste poema de Farruco Sesto, de *Da estrela e da fouce*:

“Na man esquerda do vento leste
o corazón a rente as nubes
Cataluña sempre de pé.

Cando a marea da barbarie sobe
cando na terra chora o tempo
Cataluña sempre de pé.

No escuro tempo das cadeas
fosca paz e zorregada lingua.
Cataluña sempre de pé.

Desamañados días de loita
morto silencio para sempre
e Cataluña sempre de pé.

A esperanza vai e vén co vento
cantan os galos e non cantan
e Cataluña sempre de pé

E así na noite decretada
sempre de pé Cataluña sempre
Cataluña sempre de pé

7

16 centros do **BIERZO** ofrecen galego neste curso, cando está a celebrarse o bicentenario de Antonio Fernández Morales (Astorga, 1817-Cacabelos 1896), que publicou en berciano dous anos antes que *Cantares Gallegos*, de Rosalía. Arestora pode verse unha exposición sobre a súa achega en Ponferrada.

8

A **CONTAMINACIÓN** produce 6,5 millóns de mortos ao ano, máis en África e Asia. Só en China 2,2 millóns. As nenas e nenos son os máis vulnerables, e poden sufrila xa no útero da súa nai, e dous millóns morren ao ano. A India é máis contaminante porque conta 12 das 20 cidades máis prexudicadas no mundo.

Politica Nacionalismo = independentismo?

Pedro Pedrouzo Devesa



Son nacionalista por diálogo, non por esencia. Porque o diálogo vén da dialéctica de contrarrestar os discursos culturais, que non sempre están en conflito. As linguas, igual que as culturas, non só dialogan discutindo ou competindo; tamén sintonizan, tamén se mimetizan, porque camiñan sincronizadas. Só as aniquila a guerra. A creación cultural é tan civil como popular, aínda que non está exenta de continuas derivas políticas que sustentan os gobernos afíns. Todos queren impulsar a súa cultura.

Escribes, les, creas e escoitas música, debuxas, esculpes, paseas, cultivas a terra, ves cine ou teatro, practicas deporte, constrúes, deseñas, dialogas... Esa é a esencia cultural humana, onde a militancia deba rematar na persoa, esquivando a tribo. Porque a tribo apoia pero tamén apreta. Constrinxen porque non quere ser ágora. As máis das veces é centrípeta, aínda que ás veces centrifugue. O relato que vitimiza unha cultura ten tanto encanto como engano. A segunda metade do século XX entronizou as vítimas. Gañaron o debate cultural.

Os vencedores económicos son verdegos; os ausentes no reparto acadaron o status de vítimas.

Constatarse como vítima non outorga a razón de nada. Si atrae o cariño, porque queremos que o noso estado de benestar atenda a vítima, pero non queremos que a empodere para que decida o futuro. As vítimas necesitan coidado, non vinganza. Necesitan subir, non rebaixar os outros. Non podemos decidir partindo do resentimento, da memoria agraviada, do prego de cargos, dun discurso con tanto encanto como mala uva, arrogante na súa humildade. Coidado co poeta da queixa guerreira. Non me interesa arrolarme no seu discurso.

Non son independentista. Evidentemente, existen nacións en España. Pero non desnacionaliza Galicia construír España como nación de nacións. Porque España tamén ten o seu propio discurso cultural que, de forma un pouco desigual, creamos e imos recreando entre todos. Aínda que seguramente é máis mediterránea ca atlántica, e máis do sur ca

do norte, na cultura española hai un pouco do noso rouco son. Tamén é evidente que non todas as autonomías son nacións. Pero tampouco hai motivos para que unha nación teña un nivel de autogoberno maior que unha que non o é. Unha vez creada unha autonomía haberá que darlle as ferramentas que a permitan desenvolver de forma libre dentro dun marco pactado entre todos, e non a base de cantos á esencia *verciana* (de verza, non do Bierzo). Que Galicia sexa evidentemente unha nación é un reto interno, non un dereito a saír con vantaxe. Da mesma forma, cando a metade dos habitantes dun censo real e legal pide un referendo, vano ter, e débeno ter, gústenos ou non. Outra cousa son as maiorías que se teñen que dar para posibilitar unha fenda tan drástica e irreversible coma a independencia. Porque esa é a clave, a irreversibilidade das decisións. Nada se pode pedir de mulas que turran, pero tampouco de figurantes que exhiben o seu músculo político a base de difamar. Eternos na nosa historia, seguimos tendo que decidir entre os guais e os vetustos.

Galicia nunca tivo tanto autogoberno como nesta España monárquica na que se encontra, e que polo visto está inzada de vicios dos que a nosa terra carece. Se non temos máis autogoberno é porque non o queremos, ou porque tampouco sabemos como saír do pozo avellentado no que caemos hai xa ben anos. E a democracia é iso. Pero se queres, pónome a venda ideolóxica que me tendes, e saio á rúa a mimetizarme coas afoutas melodías que seguimos entoando e que datan da época de Nino Bravo. Sentireime mellor, porque a culpa non é miña. *Es de los malos*.



O peto común A arte dos Queixos de Albá

Josecho de la Torre

Cando Xosé Luís Carreira comezou aló polos 90 a arte dos queixos de Albá en Palas de Reis, ou o que se coñece como Arqueixal, é posible que tivese que remar a contracorrente para artellar un negocio sostible en torno ao leite e os queixos: despoboamento, abandono do agro... Con todo, despois de case trinta anos de traballo, Arqueixal engade á súa inicial queixería e á produción de leite e iogur, un interesante proxecto de ecoturismo que atrae xente de diferentes lugares do planeta, que se albergan nas súas casas rehabilitadas para enchouparse dunha experiencia diferente; todo isto baixo unha cultura do coñecemento baseada na tradición. Así, cando un chega a Albá, axiña experimenta un regreso ás orixes, á vez que unha interesante conexión coa terra, unha paz que esta contaxia. Son unha infinidade os atractivos que se mesturan entre a paisaxe e Arqueixal: chama a atención o ecomuseo ou casa da Rebordela, unha casa de labranza galega perfectamente habitable, pero coas formas de autosuficiencia que había antes da industrialización; emprega o pasado para amosar outra cultura diferente, que debiera facernos reflexionar sobre a situación do planeta. É esta a razón pola que é posible que nun futuro non moi afastado asistamos ao nacemento de máis experiencias similares a esta, que naceu da valentía de Xosé Luís, na Comarca da Ulloa.



O CARRABOXO por XOSÉ LUIS





Miguel Fernández Blanco nun dos actos organizados

Cal é a situación agora, despois de todo este tempo? Que se sabe dos que quedaron en terra de ninguén?

A chave do asunto é o Acordo da Unión Europea con Turquía de marzo do 2016, que permitiu impedir a chegada de persoas a través do leste europeo e de Grecia. Externalizar a fronteira é un modelo habitual nos países da Unión Europea (igual fixo o Estado Español con Mauritania, por exemplo). Non obstante, a consecuencia disto foi terrible, porque entón o camiño (non se lle poden por portas á desesperación) trasladouse ao Norte de África (Libia, especialmente) e as imaxes de persoas refuxiadas nos campos de Europa convértese nas imaxes dos milleiros de persoas afogadas no Mediterráneo ou tamén, por exemplo, do incremento de persoas que tentan chegar a través das fronteiras españolas. É unha cuestión de imaxe, as mortes

Os refuxiados xa non están nas portadas. Hai un silencio escandaloso. Os compromisos de acollida, realmente ridículos, non se cumpren. A crise difícilmente pode servir de desculpa, xa que, segundo os mesmo responsables, a cousa vai vento en popa. Como resposta, a Rede Galega en Apoio ás Persoas Refuxiadas organizou concentracións en Santiago durante unha semana, coa participación de persoas coñecidas do deporte e a cultura, para recordar que, cumprido o prazo, quedan por acoller 15 354 persoas, das 17 337 comprometidas. Conversamos con Miguel Fernández Blanco, un dos organizadores.

provocadas no mar son máis difíciles de cuantificar e de transmitir mediaticamente. Agora Turquía é un grande campo de concentración de persoas refuxiadas e os que quedaron polos países da U.E. son os que se foron máis ou menos recolocando.

Durante este último tramo de setembro a Rede Galega de Apoio ás Persoas Refuxiadas desenvolve una serie de accións simbólicas para que non esquezamos a hipocrisía dos

(diarias do 19 ao 26 de setembro) e en Ferrol e na Coruña o mesmo día 26 de setembro, baixo o lema FALTAN SETE DÍAS. Pero seguiremos na loita centrando o seguinte obxectivo nunha campaña a nivel estatal dirixida a denunciar que, xusto neste contexto lamentable de falta de respecto aos dereitos humanos, os premios Princesa de Asturias decidiran outorgar o Premio da Concordia 2017 á Unión Europea. A Campaña, na que

as familias sen regularizar non teñen dereito as axudas de libros nin á tarxeta-benvinda da Xunta para os novos nacementos

gobernantes nesta cuestión. Que accións son esas e que denuncian?

Non só en Galicia, a nivel estatal e internacional, trátase de recordar que o 26 de setembro de 2017 remata o prazo que os propios países da U.E. se fixaron (en setembro de 2015) para acoller a uns centos de miles de persoas refuxiadas. A nivel da U.E. as cifras non chegan ao 25% das persoas comprometidas, no caso do Estado Español é máis lamentable aínda: da miserable cifra comprometida de 17 500 persoas, chegaron menos de 2 000 (non chega ao 12%). Coas cifras queremos efectivamente denunciar a hipocrisía e a falta de humanidade dos gobernos europeos. As accións son concentracións en Compostela

FALTAN 7 DÍAS

COA PRESEZA DE :

Día 19 Alfonso Zarauza	Día 22 Andrés Torres Queiruga
Día 20 Moncho Fernández	Día 23 Uxia Senlle
Día 21 Monti Castiñeiras	Día 24 Fernando Cortizo
	Día 25 Marilar Alexandre
	Día 26 Carlos Blanco

COLABORA O CORO "SI VOS ME CANTARE"

**CONCENTRACIÓNS PRAZA DO TOURAL
DO 19 AO 26 DE SETEMBRO**

ÁS 20:00h



www.rederefuxiadas.org

Cartaz da mobilización



Imaxe tomada de <http://modeloburela.blogspot.com.es/2017/>

convidamos a [tod@od](mailto:od@od.es) a participar, rematará cunha grande mobilización o 20 de outubro na mesma cidade de Oviedo coincidindo coa entrega destes premios.

Segue habendo “zonas de desconfianza” cara ao estranxeiro, sobre todo se é musulmán. Como son os casos de acollida en canto a integración?

A desconfianza existe naturalmente, sucede que no caso galego a penas hai poboación migrante, polo que tampouco pode haber moito rexeitamento. En todo caso a poboación refuxiada xera unha certa “simpatía” cidadá, que non consegue a poboación migrante residente ou que chega como simple migrante económico. Aquí o rexeitamento noutras zonas do Estado Español é notable e patente. Por outra banda non existen como tal políticas de acollida, no mellor dos casos é por a disposición destas persoas algunhas axudas materiais para que elas poidan instalarse, pero non se traballa a interculturalidade, a interrelación entre as persoas. A desigualdade de dereitos é un elemento importante aquí, porque deixa os colectivos migrantes sempre nunha situación de dependencia e inferioridade, para a que tampouco serve, por certo, a

“caridade” mal entendida. Parece increíble, pero sucede en Galicia, que as familias en situación de irregularidade administrativa non teñan dereito as axudas de libros e material escolar ou á “vendidísima” tarxeta-benvinda da Xunta de Galicia para os nenos e nenas que nacen na nosa Comunidade Autónoma.

Que mensaxe lle tratariades de transmitir á poboación galega en canto á acollida de refuxiados e inmigrantes?

Tanto coas persoas refuxiadas, como coa poboación migrante en xeral, a mensaxe sería que estamos ante unha oportunidade para Galicia, especialmente pola aportación demográfica que podería supoñer e pola “calida-

desaproveitar. Outra mensaxe chave para nós (e isto non sempre se coñece ben) é a desigualdade de dereitos que consagra a lexislación española. Isto a parte de reprobable eticamente, converte a vida cotián de moitas destas persoas nunha dura loita pola mera supervivencia.

Como se pode colaborar coa Rede?

Nós temos na actualidade grupos activos nalgúns cidades e vilas de Galicia, trátase de achegarse a eles e de participar. O que precisamos, coma adoita suceder sempre, son mans, cabezas e corazóns de persoas de boa vontade ao servizo desta causa, común para nós coa da inmigración.

As persoas refuxiadas e inmigrantes son unha oportunidade para Galicia

de” da mesma. Case sempre as persoas que migran ou se refuxian son as máis preparadas das súas comunidades, son mesmo vistas como un investimento por esas comunidades. Son un potencial que non deberíamos

Rachemos coas Fronteiras, Non ás Guerras!

Para máis información:

www.rederefuxiadas.org

rederefuxiadas@gmail.com



Acto na praza do Toural

Primeiro berro

Sobre o empobrecemento, a escravitude, o paro, a precariedade... medra o capitalismo. Pero moitas persoas e colectivos aluman a esperanza doutras vidas que paguen a ledicia de seren vividas. Para sustentarmos as vidas desde o traballo (non o emprego), desde as relacións humanas, desde o apoio mutuo, erguemos este berro seco!

Moitas
persoas
e colectivos
aluman a
esperanza

Utopía

Hai
millóns
de persoas
ás portas da
nosa Europa
pedíndonos
axuda

Segundo berro

Subo hoxe aquí en nome da Rede Galega de Apoio ás Persoas Refuxiadas para compartir convosco o berro dos 65 millóns de persoas que, nestes momentos, se ven obrigadas a abandonar os seus fogares en diferentes lugares do planeta.

O goberno español comprometeuse en setembro de 2016 a acoller en dous anos 17 337 persoas. Quedan 17 días para que remate o prazo e FALTAN POR ACOLLER 15 357. É inadmisíbel a incompetencia do noso goberno para cumprir con este ridículo acordo!

O Mediterráneo, mar de encontro de pobos, converteuse no maior cemiterio do planeta. Asistimos a unha situación sen precedentes ante a que é preciso tomar medidas urxentes e inmediatas. O que se está a facer debería ser motivo de vergoña pero, lonxe diso, aínda queren darlle á Unión Europea o Premio Princesa de Asturias da Concordia. Non o permitamos!

Xunto con estas actitudes vergoñentas, tamén recoñecemos outras moitas valentes e comprometidas de persoas e institucións que están a deixar a súa pel para que os dereitos humanos se respecten e que estas persoas sexan acollidas.

Vaia para eles o noso berro de apoio e, sobre todo, de denuncia ben alta para que NON quede no esquecemento que hai millóns de persoas ás portas da nosa Europa pedíndonos axuda.

Basta xa de escusas. Non máis barreiras. Acollida de persoas refuxiadas XA!



Cuarto berro

Este ano a Romaxe non ten 3, senón 4 berros. Hoxe ás 7 da tarde hai convocadas nas principais cidades galegas concentracións cun único berro: un maltratador non é un bo pai!

Na violencia de xénero, no terrorismo doméstico, hai unhas vítimas caladas: os nenos e nenas, persoas que se están formando, madurando, e que moitas veces son usados como arma arroxadiza, como campo de batalla.

Un fillo ou unha filla que viviron o maltrato non poden vivir con medo, baixo o mesmo teito ca quen maltrata.

As mulleres cristiás galegas reivindicamos os coidados, o amor, a tenrura, necesarios coma o pan, alimento da alma que nos fai medrar fortes. Queremos un futuro en liberdade, guiado pola tenrura, no que todas as persoas, grandes e pequenas, se desenvolvan sen medo. Só así outro mundo será posible.

Un maltratador non é un bo pai!

Terceiro berro

Clama esta nosa Nai Terra... fura-
da nas súas entrañas e na súa capa
protectora. Devastada, espremida,
ameazada por unha catástrofe cli-
mática, pola nosa adición a un mo-
delo empobrecedor de multitudes.

Esta Terra precisa corpos...! E co-
razóns, mans e cabezas.

Precisa persoas conscientes da
dimensión sagrada da natureza,
amantes da creación e cun estilo
de vida comprometido coa eco-
loxía integral.

Toquemos a terra e berremos
conscientes da ligazón que
todas as criaturas compartimos
coa nosa Terra Nai.

Esta
Terra
precisa
corpos

Un
maltratador
non é un bo
pai



Crónica VIª Festa da Afirmación e da dignidade

David Otero



No Pedregal de Irimia, chamados polas conciencias, na mañá de outono do sábado 23 entre raiolas de melura deu comezo o acto da FESTA DE AFIRMACIÓN E DE DIGNIDADE convocado pola Irmandade Manuel María e AC Xermolos (coa colaboración do Concello de Meira).

Na Ara de honra a Prisciliano (obra feita por Xosé Val, Valdi, por desexo de Pepe Chao), leuse a intervención de quince voces o MANIFESTO DE IRIMIA da autoría de Baldomero Iglesias. “Aquí estamos nós, un ano máis, no Paraninfo da nosa esencia, querendo outear bandeiras azuis e brancas, mirar adiante corpo ergueito e co ollar no alto, co corazón posto no amplo horizonte, aventando porvir, para procurar ese destino que construindo agardamos”(así comezaba).

Logo colleron a palabra o colectivo de presos na cadea Madialeva de Lugo que leron unha carta enviada por Antón Santos, seguiulles a Asociación ADEGA reivindicando un espazo natural respectuoso co Pedregal onde nace o Miño (hoxe mal atendido, sen protección institucional e inzado de eucaliptos); tamén participou a xente do Colectivo Avelino Díaz quen leron poemas deste autor proposto desde xa hai anos para lle adicar o día das Letras Galegas.

A modo de mantedor actuou foi Rubén Aramburu, quen significou obras e merecementos, salientando vidas de exemplariedade, da premiada e do premiado. Logo entregáronse os galardóns “As mans de Irimia”. Ma-

nolo Pardo autor das dúas tallas en que consisten os premios, entregoullo a Herminia Estoa (representada por Práxedes, a súa irmá) e Mero fíxoo a Daniel López Muñoz. Arredor destes premios e nesta irmandade tomaron a palabra Práxedes e Daniel. Nas súas intervencións houbo dicires de grazas emocionadas polos recoñecementos asemade declaracións de entrega ao

reivindicouse un espazo natural respectuoso co Pedregal onde nace o Miño, hoxe sen protección e inzado de eucaliptos

traballo desde a firmeza crente e militante na fe e no Pobo do Galego. Daniel, a maiores, salientou o que arestora era Irimia, a revista e a Asociación, definido todo como un colectivo nada mediático e si responsabilizado nas súas intencións e no traballo teimoso de divulgación arredor da revista, índose dos corporativismos e funcionamentos organizativos ao uso. Todas e todos en horizontalidade de palabra e de obras. Queren manterse sen etiquetas partidistas e así nesa

liña fan tarefa na revista. Revista referencial, aberta e comunicativa.

Logo do xantar nos Cabanóns de Meira, na Praza do Concello, houbo actuacións musicais, por un lado a Banda do Concello de Meira, o Grupo de cantoras pandereteiras Nove Ferreñas, o gaiteiro nubeiro (como a el lle gusta o chamo) Raúl Galego e o cantor Francisco de Romualdo que

nos fixo participar moi directamente nas súas cántigas de cego. Como peche da festa houbo un apartado “Per Catalunya” con intervencións de Adela Leiro, Xosé Lois García e Vitorino Prieto. “E así afirmámonos galegas e galegos en propiedade, donos do noso eido fundamental de existencia, e tamén deste amor que é Galicia, única Patria...” Así declaramos nun anaco do remate do Manifesto de Mero Iglesias.



Escríbolle desde un desacordo coa actitude do Govern da Generalitat, e desde unha preocupació grande por todo o mal trato que están soportando nestes momentos os cataláns non independentistas. Creo importante dicir isto de entrada para que saiba que é desde aquí desde onde me sento obrigado a dicirlle que é vostede o responsable último de todas estas traxedias. A vostede creo que lle falta razón, por mil razóns como estas:

- Pola súa negativa a abordar un problema político que realmente existe, procurando que llo resolvesen os xuíces, dando ao Tribunal Constitucional unhas atribucións penais que superan o seu carácter de arbitraje e creando esa increíble e sucia “policía patriótica”

- Tamén por esa coñecida máxima súa de que moitas veces “o mellor é non actuar”. Hai tempo escribinlle unha carta (que non creo lese) dicíndolle que o proverbio ese chinés de “sentarse á porta ata que vexas pasar o cadáver do teu inimigo”, non funciona sempre: a vostede funcionoulle cando o seu inimigo eran unhas esquerdas tantas veces divididas por chegar a confundir esquerdismo con egoísmo. Debo recoñecerlle que, ás veces, admirei a súa astucia neste punto. Pero non sempre vale ese proverbio;

- Tamén por tolerar que unha ministra do seu goberno (de Defensa para máis inri) dixese hai pouco aquí en Barcelona que “la bravuconería separatista bajará los brazos dentro de poco”, deixando clara a pretensión de resolver o problema humillando a moitos cataláns e ignorando a Tertuliano (“o sangue de mártires é

semente de novos cristiáns”), e que agora pode soar así: a humillación de cataláns é semente de novos independentistas. Como pode un político ser tan cego? - Tamén porque, aínda que diga: “non me fagan chegar ata onde non quero chegar”, foi vostede o primeiro que se embarcou nesa ruta que leva a onde agora non querría chegar. Vostede que, sendo o gobernante que máis desigualdades creou entre os españois, apelaba precisamente a que “non podo tolerar desigualdades entre os españois”, para non afrontar o problema catalán... Comprendo que, por todos eses e outros factores máis,

a humillación de cataláns é semente independentistas. Como pode un político ser tan cego?

atópase vostede agora nunha difícil situación de inferioridade: porque que creo percibir é que, agora, o interese da Generalitat é que ese 1 de outubro haxa máis policía, máis represións, máis detencións, máis pancadas se é posible... E que todo iso sexa visto no mundo enteiro. Co cal atópase vostede no peor dos dilemas: se non actúo, mal; se actúo, se cadra é peor...

Sei tamén que, aínda que non houbese nada o 1 de outubro, non por iso se resolverá nada: só se agrandou un problema que é xa grande de máis. E intento comprender tamén que se atopa vostede preso na vella contradición do seu partido, que pretendeu

(1) Extracto dun texto escrito dúas semanas antes do 1 de outubro

unir unha dereita que quere ser civilizada, cunha extrema dereita franquista e agresiva sen a cal non podería vostede de ningún xeito gañar ningunhas eleccións. Témome que esa unión un pouco contra natura rompeu agora e os refugallos cáenlle enriba. Non teño nada contra vostede, e intento vivir unha espiritualidade centrada naquela máxima: “todo home é

o meu irmán”. Desde o afán de vivir así (e aínda sentíndome lonxe desa meta) é desde onde me atrevo a dicirle que faría vostede un gran favor ao país se tivese a coraxe de presentar a súa dimisión por deixar que as cousas chegasen a unha situación á que nunca deberon chegar.

O noso taboleiro



Deseño: Siro

XXXII Foro ENCRUCILLADA

CORPOS ESCRAVIZADOS

Esclavitudes no século XXI

Sábado, 21 de outubro
Auditorio ABANCA
Rúa preguntouro
Santiago de Compostela
de 10:00 a 19:00 h.

Explotación sexual no estado español
 por **Carmen Meneses Falcón (U.P.Comillas)**

Explotación laboral hoxe
 por **Elena Arce Jiménez (Of. Defensora do Pobo)**

Mesa redonda na que falaremos de prostitución, emprego doméstico e Ventres de Alugueiro con
Lourdes Pazo, Mercedes Andrade e Olaia Rodil

Recital poético

www.encrucillada.gal 



EDITA: Asociación A. IRIMIA

FEITO EN PAPEL RECICLADO

MESA DE REDACCIÓN: Daniel López Munoz, Luís Gómez Aldegunde, Pedro Pedrouzo Devesa, Rubén Rivas Vidal, Lidia Campos Chan, Lines Salgado Iglesias, José Antonio Martínez. Tlf. 986 10 49 45.

COLABORADORES: Victorino Pérez Prieto, Manolo Regal, Alfonso Blanco Torrado, Xosé Lois Vilar, Marta Sopena, Tareixa Ledo Regal, Clodio González Pérez, Xabier Blanco, Valentina Formoso Gosende, Antonio Pinto Antón, Carmen Soto, Rubén Aramburu, Marisa Vidal, Xan Guillén, Christina Moreira, Carlos Vázquez G., Teresa Souto Loira, Josecho de la Torre Culler, Lucía Santiago Díaz, Baldomero Iglesias Dobarrío (Mero), Lois Ferradás, Xaquín Campo Freire, Nieves Espiñeira Medín, Francisco Almuíña, Alfonso Mascuñana, Antón Laxe, Ramón Díaz Raña, Olga Álvarez, Engracia Vidal Estévez, Manuel Arca e J.M. Barca López, Manolo G. Turnes.

CORRECCIÓN LINGÜÍSTICA: Lidia Campos Chan, Luís Aldegunde.

RECEPCIÓN DE ARTIGOS E COLABORACIÓNS EN: revistairimia@asociacion-irimia.org

SUBSCRICIÓNS: Apdo. 296 – 15704 Santiago de Compostela. Telf.: 615 464 095 / subscripciones@asociacion-irimia.org
 Ordinaria: 30 Euros, de Apoio: 45 Euros. Cota de socio: 3 Euros.

PARA ASUNTOS DA ASOCIACIÓN NON RELACIONADOS COA REVISTA: asociacion-irimia@asociacion-irimia.org

CONTA: ABANCA ES63 2080 0349 8530 4000 5822 - Urbana, nº 8 - Santiago

DEPÓSITO LEGAL: C-1417-81 **TIRADA:** 650 exemplares

DESEÑO E MAQUETACIÓN: TallerDD (Ninfa, Riveiro, Martínez)

ISSN: 2172-9182

IMPRIME: TÓRCULO Artes Gráficas

DISTRIBÚE: IMPACTA

EDICIÓN ELECTRÓNICA: <http://asociacion-irimia.org/revista.html>

Boa Nova



Daráselle o Reino de Deus a un pobo que dea froitos...

Hoxe temos como evanxeo unha parábola densa en contidos e quizais un pouco difícil para a nosa mentalidade contemporánea. Mateo indica que Xesús entrara no templo e estaba a ensinar cando os sacerdotes e os senadores acercáronselle para cuestionarlle publicamente a súa autoridade de mestre e profeta (Mt 21, 23-27). O mestre como resposta conta diversas parábolas, unha delas e a que vamos comentar.

Xesús pídelle os seus interlocutores que imaxinen unha historia co uns personaxes moi frecuentes naquela época: un propietario que vivan na cidade e que de en vez cando viña a cobrar as rendas os seus arrendatarios. O conto tiña moito de provocación pois despois de escoitalo os fariseos e sacerdotes estaban decididos a prendelo (Mt 21, 45).

A provocación, no relato mateano, no vén tanto polo conflito social que hai de fondo senón porque os seus adversarios entenden que o que mestre está a dicir vai por eles e lles esta a cuestionar a súa autoridades relixiosa. Eles son os viñadores homicidas que representan a todos aqueles xefes que o longo da historia de Israel mataron os profetas e a xente de ben que falaba en nome de Deus (o propietario) e que agora pretenden tamén apropiarse da palabra salvadora de Deus, que Xesús encarna porque na súa soberbia creen que son os únicos que poden dirixir a fe do pobo.

Mateo fala para unha comunidade que vivía un forte conflito cos seus veciños xudeus pola súa fe en Xesús como palabra definitiva de Deus, e sentiríanse identificados coa situación presentada no relato. Quizais poida tamén haber algo para nós nela...

Carme Soto

Defender o froito ou regalalo

Eu crieime nunha cidade, onde coller froita significaba ir ao frigorífico ou á bandexa de sobre da mesa. Mais vive en min como propia algunha experiencia contada polo meu pai, neno de aldea -sempre o será- de cando el e outros íanlle roubar as peras á tía... pode ser Farruca, María, non lembro ben o nome e non quero levantar infamias. Lembro a tensión mentres non os pillaban, as présas a comer as mellores e encher os petos mentres non aparecía a dona con xeito pouco acolledor, por dicir algo fino. Lembro as que pasaba por matar a fame así, collendo o que a natureza dá.

Lembro que xunto co conto transmitíume, pode que sen sabelo, o gusto pola xustiza: o que hai é para comer, o que da Deus dá para todos, toda persoa e todo neno e nena ten dereito a comer e a que non se lle castigue... por comer. Que o que é bo é para partillar e nutrir a toda a humanidade. Que ninguén pase fame habendo gloria bendita nas árbores, como acontece nesta bendita terra.

Hoxe asáltame esta imaxe duns musulmáns orando con fermosura na rúa ante os insultos de quen os mira. Que nos pasa cos froitos alleos? Que pasa nos nosos ollos que non podemos mirar con ben, agradecer o ben nx outrx, deleitarnos sen mais e gozar. Porque non traemos os nosos e partillamos?

Coas mesmas mans abertas que recibo quero ofrecer, quero coller o agasallo dx outrx e saborealo intensamente, nutrirme. Iso é, non pechar as mans endexamais, que nada se perda do que pasa ao meu carón e do que poida saír das miñas raíces... por favor que non o esqueza, irmá, irmán que les, recórdame se me quedo con algo dentro que a ti ou a outras compre. Sacúdeme, Deus da fartura que sobra.

Christina

DOMINGO 8 de outubro. XXVII do Tempo Ordinario A PALABRA Mt 21, 33-43

Naquel tempo, díxolles Xesús aos seus discípulos: «Escoitade outra parábola: Dunha vez había un propietario que plantou unha viña; rodeouna dunha sebe, cavou nela un lagar e construíu un caseto para o garda. Logo, arrendóullela a uns viñateiros e marchou para lonxe. Cando chegou o tempo da vendima, mandou os seus criados aos viñateiros, para cobrar as rendas. Mais os viñateiros agardáronos, e a un zorregáronlle, a outro matárono e a outro apedrárono. De novo mandou outros criados, máis numerosos; mais tratáronos do mesmo xeito. Por último, mandoulles o seu propio fillo, dicindo para si: "O meu fillo hano respectar". Mais os viñateiros, ao veren o fillo, comentaron: "Este é o herdeiro: veña, matémolo, e a herdanza será nosa". E agarrárono, botárono fóra da viña, e matárono. Ben, e cando veña o señor da viña, que fará cos viñateiros aqueles?» Respondéronlle: «A eses malvados faraos morrer de mala morte, e arrendaralles a viña a outros viñateiros, que lle paguen as rendas no seu tempo.» Díxolles entón Xesús: «Seica non lestes nunca na Escritura: A pedra que desbotaron os canteiros é agora o esquinal: esa pedra colocouna o Señor, que regalía para nós!

Por iso dígovos: quitarásevos a vós o Reino de Deus, e daráselle a un pobo que produza bos froitos.»

ECO

A PALABRA

A CLAVE

Falando da lingua De linguas, falando...

Lidia e Valentina



No verán andamos algo polo mundo e, tras falarmos con uns e con outras que tamén foron, fomos xuntando unhas ideas que queremos compartir convosco sobre a nosa lingua e as dos arredores.

Poderíamos comezar por preguntarnos se, coma nós, nas vosas viaxes fixestes algún diagnóstico sobre a situación da nosa lingua no Estado español (plurilingüe). Por exemplo, non fostes a ningún museo onde houberse folletos, audioguías e cartaces en es-

pañol e euskera, pero non en galego? A nós pasounos e seguro que a algún de vós tamén. Falamos cos responsables, solicitando a nosa lingua e anotárono amablemente, seica xa alguén máis o tiña suxerido, así que, cando houberse cartos xa poñían audioguías tamén en galego. É que primeiro fixeron as do éuscaro e mais as do holandés, que seica se achegan máis ás ruínas de Empuries (en Girona) ca os galegos... Con todo, e sen deixar de abraiar, non esquezades solicitar a

nosa lingua sempre que andedes por aí, que se hai demanda..., sempre haberá máis oferta.

De linguas veciñas tamén queremos achegarvos as nosas reflexións. Cal será a razón pola que xente a portuguesa (a inmensa maioría, tamén unha vendedora de froita ou de toallas, e non só de lugares fronteirizos) sabe comunicar minimamente en castelán, e ademais se esforzan en facelo, mentres que os españois monolingües, ben tesos e co peito para diante, van a Portugal coa intención de que todo o mundo os entenda? E ademais non entenden nada os portugueses que veñen ao país, sendo estes de novo os que practican a lingua cervantina cando son turistas, traballadores, futbolistas... Parécenos que é a mesma actitude que adoptan os ingleses cando andan polo mundo, que non son quen de pedir un café en ningunha lingua que non sexa a súa, e mesmo os franceses, que nin os do sur se adoitan desenvolver ben na lingua dos veciños, é dicir, en español. Ser grande é unha cousa...; crerse, outra ben diferente.

O Fachineiro das unanimidades

Non hai beirarrúas

O que máis me prestaba traer a este fachineiro, agora que xa estamos no outono, eran as treitas de trigo acabado de sementar, falar dos bos cogomelos que se poden apañar nas rexas carballeiras ou comentarios costumistas sobre as casetas do San Froilán, que remata esta semana; tamén dos plumíferos lixeiros que vende Zara, querendo facerlle competencia a Uniqlo. Ao mellor pensando neses entrañables temas, deixaba de ferverme o sangue vendo a curiosa unanimidade que se produce nos medios de comunicación españois ao tratar o referendo ca-



talán. Antes cando un xornalista madrileño se cabreaba coa súa empresa sabía que podía cambiar de beirarrúa, porque había a onde ir do outro lado. Agora non hai beirarrúas. Na prensa estatal tanto ten Xan coma Perillán. E na periférica, que imos contar que non saiban os meus dous lector e lectora. Incluso os medios que antes pasaban por progresistas abrazaron con agrado os adxectivos máis tendenciosos, algúns deles nin sequera aplicados a Kim Jong Un, o malo de moda. Dos cavernarios mellor non falamos. Menos mal que queda *Irimia* no lado da prensa libre.

A.Q.